

Fernando Díaz-Castroverde

Nado en Lugo en 1967, é un escritor en lingua galega.

TRAXECTORIA

O seu traballo literario céntrase na poesía. Ten recibido diferentes premios literarios (Premio Concello de Culleredo, Xoán de San Clemente, Meigas e Trasgos, Agrupación Cultural O Facho, Premio de poesía Concello de Carral, Premio Narrativa Breve Repsol pola obra *Microbios e outros paquidermos...*).

Colabora en revistas literarias e libros colectivos. Publicou tamén diferentes artigos ensaísticos en revistas como *A Trabe de Ouro* ou *Cuadernos de Pedagogía*.

Actualmente traballa de profesor de lingua galega no IES María Casares de Oleiros.

OBRAS

Poesía

- *Camión de pínegas*, 1998, Espiral Maior.

Narrativa

- *Microbios e outros paquidermos*, 2011, Galaxia.

Obras colectivas

- *Concurso Nacional de Poesía O Facho* (1978-1989), 1990, Edicións do Castro.

Entrevista a Fernando Díaz Castroverde

- Que significou para ti gañar o Premio de Narrativa Breve Repsol?

O feito de ter gañado este premio permitíume, pola súa importancia e pola conseguinte publicación, poñerme en contacto cun amplo número de lectores e que a miña obra poida ser mellor visibilizada. Para un escritor chegar a comunicarse cunha porcentaxe significativa de lectores/as é moi importante xa que ese proceso autor-obra-lector é un proceso vivo, que está en permanente evolución e as observacións dos lectores para min son moi formativas.

- Crees que a narrativa breve é un modo de chegar a máis lectores? -que é o máis difícil desta tipoloxía de narrativa?

A narrativa breve é un formato moi cómodo para o lector/a na sociedade actual, xa que posibilita unha lectura máis dinámica e menos sometida a regras. Decía Julio Cortázar que o conto é o caracol da linguaxe, un irmán misterioso da poesía...En realidade, na estrutura breve (relato, conto, microrrelato...) está o embrión, o substrato de calquera obra máis estensa.

O máis complexo da narrativa breve é ter esa capacidade de contracción, de compactación, iso tan difícil que é acadar o máximo efecto no mínimo espazo. A min, ás veces, o oficio do micronarrador seméllame o oficio do funambulista: procurar un equilibrio nunha corda frouxa.

- En que proxecto estás a traballar agora?

Eu teño unha forma de escribir un tanto anárquica, quero dicir que son incapaz de manter unha disciplina de traballo. Por tanto, ás veces comezo proxectos que despois abandono e, se cadra, recupero máis adiante ou non. Creo que se alterase esta condición tamén alteraría a miña forma de escribir, así que me deixo levar.

Agora mesmo estou iniciando un texto narrativo máis longo e tamén un pequeno proxecto teatral, que é o xénero literario que me falta por ensaiar, pero aínda non sei a onde chegarán exactamente. Que sexan eles quen mo vaian dicindo!